

PARDIÑAS NO TEMPO

UNHA CURTAMETRAXE DO IES POETA DÍAZ CASTRO
GUITIRIZ, 2020

TRANSICIÓN = CTRL + 6

Imaxes do festival de Pardiñas de noite, o son da música pérdese ó lonxe. Aparece o título da curta: PARDIÑAS NO TEMPO

1 INT. BALNEARIO - EXT. IGREXA DÍA

Xiana está durmida nas escaleiras do balneario. Esperta e mira ó redor dubidando onde está. Mira á man e ve a pulseira do festival. Colle o móbil para mirar a hora, son as 9 da mañá e quédalle pouca batería. Sae do balneario. O lugar está deserto. Ó lonxe unha muller vestida de negro pecha a porta da igrexa levando unhas flores secas. Xiana diríxese a ela.

XIANA

Bos días, perdoe pero ... que día é hoxe?

SEÑORA

Como que que día é hoxe? Estámosche bos!
Hoxe é sábado. Xuventude...

XIANA

Si claro, sábado, eu onte cheguei ó festival e estiven cos colegas, naquel prado, pero non vexo a ninguén.

SEÑORA

De que falas? Festival?

XIANA

Si a música, a xente, os postos de comida, a bebida, bailar... xa sabe, Pardiñas, o festival folk, galego...

SEÑORA

Neniña, para bailar tes que agardar a mañá que é a festa. A de Pardiñas, porque niso tes razón, aquí éche Pardiñas. (intenta irse)

XIANA

Pero Pardiñas o festival Folk, non? Xa sabe, a festa da música e da arte galega, si?

SEÑORA

A arte galega? que arte ten o galego rapaza? (rise) Aquí o galego é o dos pobres, e festas so hai as que pon o cura, que por certo con esa pintiña non che deixa entrar na igrexa, oiches? e con pantalóns, válgame Deus onde iremos a parar...

A señora alónxase co paso apurado deixando a Xiana plantada no atrio. Mira o móbil, na pantalla pon sen servizo.

2 EXT. POBO DE PARDIÑAS

Unha parella de mozos fai contas nunha libretiña e contan as moedas.

MOZO 1

E logo con catro duros cren que imos traer unha boa orquestra...

MOZO 2

Pois non será polo que gañan cos que veñen tomar as augas. Seica teñen catro persoas da Coruña na casa, das que van ó balneario.

MOZO 1

Nove días bebendo dunha fonte para poñer o fígado a remollo.

MOZO 2

A remollo vouno poñer eu na verbena de mañá que o pasar ó verán tócanme os quintos e marchó para a mili.

XIANA

(interrumpindo)

A mili?

MOZO 1

Na marina, xa verás que guapo co traxe de mariñeiro. Como te chamas?

XIANA

(desconcertada)

Xiana, encantada e tal pero é que a mili non existe dende... boeno non importa, sabes que pasou co festival de música?

MOZO 1

(Mirando ó compañeiro) Festival?

MOZO 2

Esta debe de ser amiga do cura novo que anda coas ideas raras de facer nons ei que de cultura popular e encher isto de hippies

XIANA

Que cura? Alfonso?

MOZO 1

(Ignorando a Xiana) Home pois tampouco facían mal e animabamos un pouco a parroquia agora que non está o xeneralísimo...

MOZO 2

Cala oh, que as paredes escoitan. Ademais que máis queres? Este ano traemos ós Satélites! E ti quita a festa e verás como nos corren a gorrazos ata Aranga.

MOZO 1

Ademais quen vai querer vira ata aquí

XIANA

Pois eu! Levo vindo a Pardiñas dende que son unha cativa cos meus pais e este é o primeiro ano que me deixan vir soa de acampada! (cambia o xesto desconcertada) E vai o festival e desaparece...

MOZO 1

Acampada? Rapaza eu non sei de que falas pero boeno, se queres dar algo para a festa... (dalle un cartel da festa)

XIANA

Non, a entrada a Pardiñas é gratis... agarda un momento, 1979? ... 1979!!! Isto, non pode ser, hoxe é ... hoxe é...

MOZO 2

Hoxe é o día no que durmiches mal.

MOZO 1

E lle colliches a roupa ó teu primo de
Francia (rinse e vanse)

XIANA

(ensinando o móbil)

Agardade! Tedes un cargador?

3 EXT. CAMPO DE PARDIÑAS

Xiana está tirada á sombra mirando fotos do día anterior do festival, o móbil quédase sen batería e apágase, ela tírao a un lado. De repente cae unha petanca/balón ó seu carón. Un neno chega collela e míraa estranado.

DAVID

Que é iso?

XIANA

Un teléfono móbil. Pero non mo digas, non sabes o que é.

DAVID

(cólleo)

Campello! Ven ver isto!

CAMPELLO

(chega fatigado)

Que é tan importante que me fas atravesar o campo? Vou gañando, non me esquezo

DAVID

Di que iso é un teléfono

CAMPELLO

Un teléfono? E onde está o cable? Eu vín o que puxeron na estación de Parga e é moito máis grande.

DAVID

A ver, se é un teléfono márcalle a alguén

XIANA

Estou sen batería, non funciona. Pero tampouco tiña cobertura nin conexión a Internet, nada... E por riba estamos en 1979, pero se eu non nacera en 1979!

CAMPELLO

Xa, boeno, cando naces aquí é como se non pasara. Aquí nunca pasa nada.

XIANA

Que nunca pasa nada? Onte neste campo
había 20.000 persoas bailando, tocando,
mercando artesanía, lendo poesía...
Pardiñas é o mellor festival de Galicia,
ven xente de todo o mundo, tense
coñecido xente de todo o mundo. Nestas
carballeiras coñecéronse parellas,
creáronse grupos, fixéronse amizades!
Nesta parroquia a música galega
colocouse no escenario que merecía!

DAVID

Como o das orquestras?

XIANA

Exacto, como o das orquestras, non,
mellor aínda, como o das bandas de rock.
Pero mantendo a esencia, con foliadas e
grupos espontáneos tocando gaitas e
pandeiretas por tódolos recunchos...

Os tres miran ó prado baleiro.

XIANA

Polo menos ata onte. Esta noite é o
concerto do corenta aniversario e se
isto está baleiro ó mellor Pardiñas en
realidade non existe, o festival nunca
chega a facerse e eu... estarei soñando?

Campello pínchalle no brazo. Xiana pega un berro de dor.

CAMPELLO

Non oh, durmida non estás. Un pouco
perdida si. E sen ter nacido(rise)

XIANA

Teño que voltar a... a... onde estaba.

DAVID

A ver que é o último que lembrás que
fixeches?

XIANA

Pois estiven bailando e despois fun dar unha volta... vin o balneario, que estaba aberto e bebín, si creo que bebín da fonte. Sabía rara.

CAMPELLO

Cambiaches de ano, pero has ter os rils coma novos

DAVID

Deixa a rapaza oh, non ves que está predocupada? E despois de beber que pasou?

Xiana encolle os hombreiros

DAVID

Pois aí o tes, logo. Ó mellor bebendo da fonte de novo...

XIANA

Claro, a fonte. Non sei que hora é pero ó mellor estou de volta para o concerto, boeno e para vivir no 2019, que estrá un pouco máis animado que isto. Grazas!

Xiana sae correndo cara o balneario. Párase e dase a volta para despedirse

XIANA

E por certo! O ano próximo non perdades o festival de Pardiñas! Durará corenta anos! Como mínimo!

Os rapaces danse a volta e alónxanse.

DAVID

Vinte mil persoas? Con troula de gaitas?

CAMPELLO

Aquí? Non oh!

FIN.